

IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO MEMORIA ANUAL 2000

1. INTRODUCCIÓN

2. IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO: ¿QUEN SOMOS?

2.1. OBXECTIVOS

2.2. METODOLOXÍA

2.3. FINANCIAMENTO

3. MEMORIA DE ACTIVIDADES

3.1. SENSIBILIZACIÓN

3.2. RECADACIÓN

3.3. COOPERACIÓN

4. ADMINISTRACIÓN

5. FINANCIAMENTO

6. CONCLUSIÓN

IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO

MEMORIA ANUAL 2000

1. INTRODUCCIÓN

Durante este segundo ano de traballo na traxectoria de **IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO** foron moitos os acontecementos que marcaron o crecer do noso caminar. Un ano máis resulta unha grande satisfacción chegar ó final do ano e sermos capaces de presentar unha memoria de actividades chea de moitos logros e momentos importantes.

Neste segundo ano de traballo, **IND** seguiu intentando levar á práctica os seus obxectivos e o seu compromiso coas comunidades máis necesitadas. Nese traballo cobraron importancia fundamental a colaboración con múltiples persoas e entidades que cada día se mostran máis próximas á nosa sensibilidade solidaria.

Un ano máis nesta memoria de actividades de IND van moitos pequenos (e grandes) esforzos de tódalas persoas que a distintos niveis e con distintas funcións cremos que non só podemos impulsa-lo cambio das comunidades máis desfavorecidas senón tamén un cambio máis xeral que empeza cada día en cada unha e cada un de nós.

Esperemos un ano máis que a progresión que este segundo ano nos demostra nos anime a continuar e a seguir cambiando de forma paulatina as desigualdades que tanto nos preocupan.

2. IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO: ¿QUEN SOMOS?

IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO nace como iniciativa a finais do ano 97 cando un grupo de persoas sensibilizadas co desenvolvemento en xeral e coa India en particular deciden xunta-los seus esforzos nunha Organización Non Governamental.

IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO constitúese en asociación en abril do ano 1998 e como Organización Non Governamental de Axuda ó Desenvolvemento en agosto dese mesmo ano.

Como calquera asociación, **IND** conta cunha serie de obxectivos e modos de traballo que lle son propios e que a continuación expoñeremos.

2.1. OBXECTIVOS

IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO é unha Organización Non Governamental (ONG) de desenvolvemento apartidaria e aconfesional que actúa en Galicia con dous obxectivos principais:

- apoiar proxectos de desenvolvemento en países en vías de desenvolvemento
- sensibilizar á comunidade galega, española e dos países desenvolvidos en xeral dos problemas das comunidades coas que se traballa e da necesidade dun cambio global para erradica-la pobreza.

2.2. METODOLOXÍA

IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO (IND) ten unha forma de traballar clara para cumpri-los obxectivos que se acaban de presentar.

En primeiro lugar, existen unha serie de criterios de traballo para a xestión de proxectos de desenvolvemento que se poderían centrar nos seguintes:

- IND financia sempre proxectos xestionados por organizacións locais indias de xeito que se garanta o respecto cultural, a creación de emprego local e a autosuficiencia das comunidades.
- IND financia proxectos primordialmente integrais e que sempre ofrezan garantías de que non se creará unha dependencia entre a comunidade e a

ONG senón viceversa, a autosuficiencia da comunidade beneficiaria gracias ós seus propios recursos.

En segundo lugar, con respecto á sensibilización, IND tamén amosa unha forma de traballar claramente definida:

-IND funciona ata o momento na súa totalidade co esforzo voluntario das/os socias/os e simpatizantes. IND promociona, xa que logo, o voluntariado en tódolos diferentes aspectos de traballo.

-IND promociona en todo momento a colaboración con outras organizacións xa existentes en campañas conxuntas e actividades de todo tipo, agrandando así a forza e a calidade do movemento das ONGs ante a sociedade civil e gubernamental.

2.3. FINANCIAMENTO

IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO (IND) contaba ata o de agora con dúas únicas fontes de financiamento: as/os socias/os e as actividades organizadas para recadación de fondos, que este ano viñeron a ampliarse con fondos da Xunta de Galicia destinados á sensibilización e a programas de cooperación dos que se dará cumprida conta máis adiante.

De todo o diñeiro recadado **IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO (IND)** utiliza só un 5% para gastos administrativos.

3. MEMORIA DE ACTIVIDADES

3.1. SENSIBILIZACIÓN

Como ben queda especificado na definición estatutaria de obxectivos de IND, a sensibilización resulta un campo de vital importancia para o noso labor no que este ano se conseguiron importantes obxectivos. De seguido presentamos de forma individual cada unha das actividades levadas a cabo.

- **Presentación á comunidade universitaria de Vigo**

Durante a semana do 25 ó 28 de outubro de 1999 un grupo de voluntarias/os de IND instalou unha mesa informativa na Facultade de Filoloxía e Traducción do Campus Universitario de Vigo. Durante eses días espuxéronse algunhas das fotos do arquivo de IND e vendéronse materiais da organización. O día 28 de outubro a presidenta de IND, María Reimóndez, deu unha conferencia sobre a organización á que asistiron unhas 15 persoas.

- **Conferencias**

Durante o presente ano cómpre destaca-lo labor realizado en diferentes contextos para difundir-lo traballo de IND. Os diversos relatorios levados a cabo contribuíron ó obxectivo xeral da organización de transmitir unha filosofía de traballo e de provocar un cambio nas actitudes e implicación da poboación galega no tema da pobreza. Este ano o Concello de Ourense invitou a IND a participar nunha campaña de sensibilización cos centros de ensino na que se impartiron dúas conferencias os días 19 e 20 de decembro.

Igualmente a Sala Ritual de Vigo invitou a IND ó seu local para presenta-lo traballo da organización o día 22 de decembro. Á conferencia asistiu un grupo dunhas 15 persoas que amosaron grande interese nas actividades da nosa organización e que ofreceron o seu apoio para futuras colaboracións.

- **Grupo de teatro IND**

Dende novembro do ano 1999 empezou a funcionar un pequeno grupo de teatro integrado por cinco persoas, que escribiron unha pequena obra de teatro relacionada co tema da soliedariedade e os proxectos de IND. O grupo levou a cabo ensaios ata o mes de xuño, aínda que a obra aínda non se puido representar. Os ensaios realizáronse nos locais da Asociación Xuvenil Ateibo de Vigo e é unha actividade que resultou de grande interese e coa que se pretende continuar en canto os integrantes do grupo poidan reincorporarse ó devandito.

- **Relacións coa prensa**

Neste ano intensificáronse as relacións coa prensa. A presidenta de IND, María Reimóndez, apareceu no programa Solidarios en Galicia, emitido polos servicios territoriais da Televisión Española en Galicia durante o mes de abril, onde falou da organización e dos proxectos e no que apareceron os números de referencia da organización. Ademais, con motivo do torneo de tenis organizado en Lugo en xuño, a prensa local fixo unha cobertura do acontecemento e informou sobre o proxecto SIDHUR Anantapura para o cal ían dirixidos os fondos. Tamén en Radio Lugo a presidenta e José Antonio Pereiro, o encargado do torneo, dispuxeron dun tempo para falar da organización e da iniciativa. Ademais, o 31 de maio, a presidenta María Reimóndez foi invitada á COPE Coruña para presenta-la organización.

- **Día da Paz**

Co gallo do Día Mundial da Paz, o Concello de Santiago invitou ás Organizacións Non Governamentais que desexasen colaborar a instalar uns postos na Praza do Toural o día 29 de xaneiro. IND colaborou nesta iniciativa cun posto no que se proporcionaba información, se vendían materiais e cun panel de fotos.

- **Exposición de fotos e proxección cinematográfica.**

Esta actividade representou un importante reto para IND. Estivo financiada na súa maior parte por unha subvención da Xunta de Galicia e de seguido damos conta dos detalles destes eventos denominados en conxunto

Billete á India, que como o seu nome indica de forma metafórica, pretendía achega-la realidade das comunidades coas que traballa IND á comunidade galega nunha particular viaxe.

Exposición fotográfica

A exposición fotográfica de **Billete á India** foi realizada durante os días 23 a 27 de outubro do 2000 na Sala de Exposicións da Biblioteca Municipal de Vigo. A exposición constaba de 25 fotos, cos seus respectivos pés, dous paneis informativos sobre cada proxecto e dous xerais sobre a India e **IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO**. Ademais disto, espuxéronse materiais procedentes dos proxectos de **IND** tales como libros de texto, materiais escolares repartidos ás nenas e nenos das comunidades, materiais de venda de **IND** tales como camisetas, cadernos e postais e un sari, vestido típico das mulleres indias, que sería sorteado entre as persoas que visitasen a exposición e se anotasen nunha lista.

As fotos distribuíronse en dous grupos, nun as referidas ó proxecto **INICIATIVAS PARA O DESENVOLVEMENTO URBANO DE TIRUCHY (UDI TIRUCHY)** e no outro as referidas ó proxecto **INTERVENCIÓN SOCIAL A PROL DOS DEREITOS HUMANOS EN ANANTAPURNA (SIDHUR ANANTAPURNA)**.

As fotos representaban as situacións iniciais da comunidade para logo mostrar imaxes das diferentes intervencións que ata o momento se levaron a cabo. A información presentada incluíu non só datos xerais dos proxectos senón explicacións de programas concretos como os grupos de aforro, escolas de tránsito, etc.

A exposición podía visitarse en horario de biblioteca e para a súa publicidade o Concello de Vigo colaborou coa impresión gratuita de carteis que foron distribuídos pola cidade polas/os voluntarias/os de IND, xunto con pequenas invitacións. Tamén se enviaron notas de prensa que desgraciadamente non tiveron moito eco e cartas persoais ás socias e socios.

O día 26 de outubro, xoves, organizouse unha charla informativa a cargo de María Reimóndez Meilán, presidenta de IND nas propias instalacións da biblioteca á que asistiron unhas 25 persoas. A charla desenvolveuse dende as 19.00 ata as 20.15, con grande debate e interese por parte do público asistente. Finalmente foi sorteado o sari entre os asistentes.

A asistencia á exposición pode calcularse en máis de 200 persoas, xa que tivémo-lo público constante das persoas que acudiron á biblioteca mais aquelas que se achegaron ex profeso para contempla-la exposición. Vinte e oito persoas levaron folletos da organización e 30 anotáronse para o sorteo do sari.

Cine

A proxección cinematográfica da película ***Un día de tódolos días*** organizouse en colaboración co **Cineclube Lumière** o día 30 de outubro do 2000. A película, dirixida polo director indio Mrinal Sen en versión orixinal e con subtítulos en castelán, foi elixida pola súa temática social. O filme, ambientado en Calcuta, rebela a dependencia dunha familia da filla maior, o único membro da familia que traballa e a angustia que chega cando a filla non regresa unha noite á casa. Na película resaltábanse aspectos da discriminación da muller na sociedade india, precisamente un dos piares do proxecto SIDHUR Anantapurna. A elección da película respondeu ó afán de presentar unha faceta da múltiple realidade india a través dos propios ollos

indios. Como entrada á película cobráronse 300 ptas, que se dedicarán a financia-lo proxecto **SIDHUR ANANTAPURNA**.

A película foi publicitada en carteis novamente realizados polo Concello de Vigo, enviáronse notas de prensa e nos folletos do Cineclub Lumière. Antes da proxección, a presidenta de **IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO (IND)** dirixiu unhas palabras ó público para explica-lo fin da actividade. Ó final da proxección varias persoas se achegaron novamente para recoller folletos e interesarse polas actividades da organización.

A asistencia á película foi de 59 persoas e a cantidade recadada foron 17.700 ptas.

3.2. RECADACIÓN

Ó longo do presente ano tamén intentamos realizar un maior número de actividades no campo da recadación para poder contar con máis fondos propios que nos axuden a levar a cabo máis e máis complexos proxectos de cooperación na nosa zona de traballo. De seguido presentamos estas activiades-

- **Ceas de socias/os e amigas/os**

Como en anos anteriores esta foi unha iniciativa de bastante aceptación que nos axuda tamén a coñecernos mellor. Ó longo do ano 2000 celebráronse en Vigo 2 ceas de recadación de fondos para o proxecto Sidhur Anantapura ás que asistiron unha media de 10 persoas.

- **Venda de lotería**

Igualmente neste ano levouse a cabo venda de lotería durante a época do Nadal. No ano 1999 utilizáronse as postais de IND para imprimi-las participacións mentres que no ano 2000 se fixo da forma tradicional.

- **Venda de postais**

Durante o Nadal e en tódalas mesas de IND se venderon tamén postais que a organización ten para o proxecto de SIDHUR Anantapura.

- **Venda de camisetas**

Este ano realizáronse dúas partidas máis de camisetas, unha de 50 cun debuxo xa utilizado e outra de 100 cun debuxo novo. As camisetas tiveron grande aceptación e a súa recadación destinouse a SIDHUR Anantapurna.

- **Venda de cadernos**

Durante este ano 2000 un grupo de voluntarias/os realizaron cadernos artesanais para IND que a organización vendeu tamén en diferentes ocasións para recolectar cartos para SIDHUR Anantapurna.

- **Torneo de tenis**

Este ano unha vez máis realizouse en Lugo o II Torneo de Tenis IND con grande éxito e colaboración de empresas locais e as autoridades da cidade. O torneo realizouse na primeira semana de xuño e recadáronse 118.000 ptas para o proxecto SIDHUR Anantapurna, que tamén recibiu publicidade nos medios de comunicación gracias á cobertura que se lle deu ó torneo.

- **Posto no café concerto da Asociación Xuvenil Ateibo de Lugo**

Un dos nosos voluntarios instalou un posto informativo e de venda de materiais no café concerto que as rapazas e rapaces da Asociación Xuvenil Ateibo realizaron en Lugo o día 9 de decembro. A iniciativa tivo moito éxito entre as mozas e mozos que non dubidaron en face-la súa contribución solidaria a IND.

- **Contribución da Operación Quilo**

O Centro Xuvenil D. Bosco de Santiago de Compostela decidiu incluír este ano na famosa Operación Quilo a posibilidade de realizar doazóns para un proxecto de desenvolvemento e este ano foi seleccionado o noso proxecto de SIDHUR Anantapurna. Gracias ás contribucións de moitas persoas durante a campaña o centro Xuvenil D. Bosco foi capaz de recadar 107.000 ptas para este proxecto.

3.3. COOPERACIÓN

Durante este ano déronse tamén importantes avances no aspecto dos programas que financia IND na India. Mantivéronse os dous proxectos que a organización financiaba dende o 1999, UDI Tiruchy e SIDHUR Anantapurna, dos

que recibimos información periódica e que se achegan nos informes enviados directamente dos proxectos.

Ademais, no mes de febreiro a presidenta de IND realizou unha visita ás zonas onde se levan a cabo os proxectos e pasou dous meses no proceso de avaliación e planificación do traballo en ámbalas dúas zonas. Ante os bos resultados obtidos nas dúas zonas IND decidiu prolonga-lo seu compromiso coas dúas organizacións locais, **DEVELOPMENT PROMOTION GROUP (DPG)** en Tiruchy e **RURAL DEVELOPMENT EDUCATION SOCIETY (REDS)** en Anantapurna. As decisións adoptadas dende IND con respecto á cooperación foron a de presentar ámbolos dous proxectos ás convocatorias oficiais de fondos para poder financiar así programas máis completos. En especial no caso de SIDHUR Anantapurna existía unha necesidade clara de continuar e extende-lo traballo a 8 aldeas máis ademais das do programa piloto.

Finalmente IND, en colaboración coa Federación de Relixiosos do Ensino recibiu 2.500.000 ptas da Xunta de Galicia para o proxecto UDI Tiruchy gracias ós cales a partir do mes de decembro se leva a cabo unha nova fase do programa de desenvolvemento urbano en 10 suburbios desta cidade. En canto a SIDHUR Anantapurna, foi desestimado por falta de fondos suficientes na convocatoria da Xunta e a finais de ano estamos pendentes da resolución das convocatorias de Caixa Galicia e o Concello de Lugo, a onde foi presentado tamén o proxecto.

4. ADMINISTRACIÓN

Os aspectos administrativos da organización seguiron correndo a cabo da Xunta Directiva, exceptuando a organización de certas actividades nas que se delegou en persoas concretas, como o Torneo de Tenis IND, do que se responsabilizou José Antonio Pereiro en Lugo ou as actividades en colaboración con outras institucións.

A outro nivel de administración, IND seguiu mellorando a súa estrutura a través da colaboración dunha voluntaria especializada para leva-la contabilidade e responsabilizarse de temas relacionados.

Ademais, durante este ano IND convocou unha Asemblea Xeral extraordinaria para reforma-los estatutos no seu artigo 28 referido o réxime

económico de maneira que puidese ter presupostos anuais máis elevados que o que se establecía anteriormente.

Tamén IND conseguiu este ano rexistrarse no Concello de Vigo como asociación dedicada á cooperación ó desenvolvemento e no Concello de Lugo, os dous lugares onde IND ten unha clara presenza tanto de socias/os como de actividades. Por outra banda, IND tamén se rexistrou na Consellería de Familia, Muller e Xuventude e solicitou ingreso na Coordinadora Galega de ONGDs como paso moi importante para a colaboración no movemento de ONGDs de Galicia.

Tódolos gastos administrativos de IND foron financiados a través do 5% da súa recadación total.

5. FINANCIAMENTO

5.1 OBTENCIÓN DE RECURSOS

IMPLICADAS NO DESENVOLVEMENTO conta dúas fontes de financiamento para desenvolve-la súa actividade:

PROPIAS -cotas de socias/os
 -desenvolvemento de actividades
 -ventas de material

ALLEAS -públicas: subvencións oficiais
 -privadas: doazóns de particulares

Durante o presente ano, o recadado dende estas dúas fontes preséntase de seguido:

- **FONTES DE FINANCIAMENTO PROPIAS**

-Por cuotas de socios 696.000 pts.

-Actividades:

*torneo de tenis: 118.000 pts.

*ceas solidarias: 52.500 pts

*cine: 17.700 pts.

*loterías: 60.000 pts.

.

-ventas de material:317.861 pts.

- **FONTES DE FINANCIAMENTO ALLEAS**

-Públicas: (subvencións)

* Xunta de Galicia :2.000.000 pts. para desenvolvemento do proxecto de Tiruchy .
140.000pts. para o desenvolvemento de actividades.

*Doazóns: recadouse un total de 78.000 pts. por este concepto.

*Ingresos bancarios: (devolución de comisións): 18.178 pts.

| | |
|-----------------------|-----------------------|
| TOTAL INGRESOS | 3.498.239 pts. |
|-----------------------|-----------------------|

5.2. APLICACIÓN DOS RECURSOS

FONTES DE FINANCIAMIENTO PROPIAS: 538.038 pts.

- PROXECTO DE TIRUCHY:

FONTES DE FINANCIAMIENTO ALLEAS: 2.000.000pts.

- PROXENTO DE ANANTAPURNA: FONTES DE FINANCIAMIENTO PROPIAS :548.590 pts.

-CINEFORUM E EXPOSICIÓN DE FOTOS: FONTES DE FINANCIAMIENTO ALLEAS: 140.000pts.

-GASTOS DE ADMINISTRACIÓN: 172.808 pts.

-GASTOS BANCARIOS: 142.770 pts.

| | |
|---------------------|-----------------------|
| TOTAL GASTOS | 3.542.206 pts. |
|---------------------|-----------------------|

| BALANCE DE PÉRDIDAS E GANANCIAS | |
|--|-----------------------|
| ANO 2000 | |
| GASTOS | |
| 60000002-Proxecto de Anantapurna | 548.590 pts. |
| 60000003- Proxecto de Tiruchy | 2.538.038 pts. |
| 62600000-Comisións por servicios bancarios | |
| 62600000-Servicios bancarios 83.770 pts. | |
| 62600001-Gastos de devolución de recibos 59.000 pts.(nesta cantidade están incluídos os recibos de socios devoltos) | |
| | 142.770 pts. |
| 62900002-Gastos en actividades | 140.000 pts. |
| 62900001-Gastos de Administración | 172.808 pts. |
| TOTAL GASTOS | 3.542.206 pts. |
| INGRESOS | |
| 70000002-Cuotas de socios | 696.000 pts. |
| 70000003-Financiamento de Administracións Públicas | 2.140.000 pts. |
| 70000004-Doazóns de particulares | 78.000 pts. |
| 70000005-Ingrosos por devlucción de comisións bancarias | 18.178 pts. |
| 77800001-Ingrosos por actividades e vendas de material | 566.061 pts. |
| TOTAL INGRESOS | 3.498.239 pts. |

6. CONCLUSIÓNS

Un ano máis o esforzo de moitas persoas conseguiu facernos crecer. En tódolos aspectos presentados nesta memoria destaca claramente a colaboración desinteresada de persoas e institucións a través de tempo, medios e servicio. Tódalas actividades que acabamos de recoller non terían sido posible sen elas. Quede patente o noso agradecemento constante ante este compromiso real cos problemas das comunidades polas que todo se fai posible.

Un ano máis tamén cómpre non esquece-lo obxectivo de todos estes esforzos, o que nos dá azos para querer presentar unha nova memoria o ano que vén: as comunidades coas que traballamos. Elas son as que realmente realizaron os esforzos máis meritorios durante este ano, enfrontándose con especial valentía ós cambios custosos que implica o desenvolvemento. A elas o noso máis sincero agradecemento e ánimo.

Un ano máis, finalmente, despedímo-la memoria co afán de crecer e de facer fronte ós novos desafíos que nacen cun novo período no que esperamos seguir contando con vós para acadar un mundo mellor para todas/os,